



CONCELLO DE LOBIOS

MINUTA DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENARIO MUNICIPAL DO DÍA 13 DE ABRIL DO 2007.

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente

D. Benito Vázquez Vázquez.

Concelleiros:

D. Enrique López Álvarez.
D. Celso Paz León.
D. Jesús Rodríguez Rodríguez.
D. Antonio Estevez González
D. Juan Carlos Pérez Paz.
D. Francisco Veloso González
D. Juan Manuel Ferreira Ferreira
D. José Álvarez Pereira
D. Antonio Pérez González.
D. Xesús Deibe Fernández Simo

Secretario

D. Pablo Antonio Álvarez
Martínez.

No salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as 21,00 horas do día 13 de abril do 2007, reúnense, previamente convocados ó efecto, os señores á marxe relacionados, coa finalidade de celebrar Sesión Extraordinaria do Plenario do Concello de Lobios. Estando presentes os 11 membros que de dereito e de feito integran a Corporación, o Sr. Presidente declara validamente constituído o Plenario, polo que seguidamente pasase a considerar, e no seu caso votar, os asuntos ou expedientes que integran a Orde do Día, tal como consta na convocatoria desta Sesión, que se celebra en primeira convocatoria en acto público.

ORDE DO DÍA

1. Recoñecemento de servicios solicitado por D. Pablo Álvarez Martínez.
2. Establecemento do Rexistro de parellas de feito e aprobación do correspondente regulamento.
3. Orzamento do ano 2007 e Bases de Execución.
4. Informes da Alcaldía.

Previamente, o Sr. Alcalde dispón que se faga entrega a tódolos Sres. Concelleiros dunha copia do seu Decreto do día de onte habilitando con carácter accidental para exercer as funcións propias da Secretaría, os efectos da fe pública desta sesión, o funcionario administrativo D. Pablo Antonio Álvarez Martínez, polas razóns expostas que impiden a intervención nesta Sesión da Secretaria Habilitada D^a María del Carmen Rodríguez Fernández.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

1.- RECOÑECEMENTO DE SERVICIOS SOLICITADO POR D. PABLO ANTONIO ÁLVAREZ MARTÍNEZ.

O Sr. Alcalde procede a dar lectura á instancia subscrita por D. Pablo Antonio Álvarez Martínez, funcionario en propiedade do Concello, integrado no cadro de funcionarios de carreira na Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativo, praza da que tomou posesión o día 31 de xaneiro pasado, logo de ter superado as correspondentes probas selectivas. En dito escrito solicita o recoñecemento, a efectos de antigüidade, dos servicios prestados con carácter de persoal laboral, amparándose para elo no dereito recoñecido polo art. 1º de la Lei 70/78, de 26 de Decembro, de recoñecemento de servicios previos na Administración pública; para elo adxunta á súa instancia certificación expedida pola Secretaria deste Concello acreditando os servicios prestados con carácter laboral neste Concello durante os períodos comprendidos entre o 04/03/02 ata o 04/02/03; do 10/02/03 ata o 30/09/03; do 06/10/03 ata o 31/12/03; do 07/01/04 ata o 06/07/04; do 12/07/04 ata 11/07/05; do 12/07/05 ata o 11/01/07, o que fai un total de catro anos, nove meses e doce días. Igualmente, presenta unha certificación expedida polo Presidente da Asociación para o Desenvolvemento Integral de Lobios e Muiños que acredita ter traballado con carácter administrativo no período comprendido entre o 16/02/98 ata o 28/02/02, o que fai un total de catro anos e doce días. Entre ambas certificacións, xustifícase un período de traballo de 8 anos, nove meses e vintecatro días.

En informe xurídico da Sra. Secretaria informase que efectivamente, o art. 1º da citada Lei 70/78, de 26 de Decembro establece: “Recoñecese ós funcionarios de carreira da Administración do Estado, da Local, da Institucional, da Xurisdicción do Traballo e da Seguridade Social a totalidade dos servicios indistintamente prestados por eles en ditas Administracións, previos ó seu ingreso en eles.....”, considerándose como servicios efectivos todos os indistintamente prestados ás esferas da Administración pública sinaladas, tanto en calidade de funcionario de emprego, eventual ou interino, como os prestados en réxime de contratación administrativa ou laboral, polo que os funcionarios de carreira ós que se fixo mención anteriormente terán dereito a percibir o importe dos trienios que resulten do recoñecemento de servicios, prestados con anterioridade ó seu acceso á condición de funcionario de carreira.

En base ó anterior, admitindo o dereito que asiste ó interesado recoñecido pola citada Lei 70/78, o Sr. Alcalde solicita a opinión dos Grupos Políticos do Concello facéndose as seguintes intervencións:



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

O Sr. Deibe, en representación do Grupo Municipal do BNG, manifesta que tratándose dun dereito laboral recoñecido legalmente, a decisión é a de facer o recoñecemento solicitado.

O Sr. Veloso, en representación do Grupo Municipal do PSOE, fai referencia a que a condición e veciño do interesado, merece a súa axuda e a do seu Grupo, pero por tratarse dun asunto que require o amparo legal claro e conciso solicita que previamente tiña que obrar un informe xurídico acreditativo do dereito invocado para evitar calquera responsabilidade. O Sr. alcalde indica que xa consta no expediente o informe solicitado, polo que o Sr. Veloso pide que se lle faga entrega do mesmo, accedendo a elo o Sr. Alcalde polo que por parte do Sr. Secretario asistente entrégaselle tanto o informe como as certificacións acreditativas dos servicios alegados; reitera o Sr. Veloso a súa postura solicitando do Sr. Secretario, como interesado neste asunto que se lle expoña claramente o que se vai votar.

Logo destas intervencións o Sr. Alcalde propón á Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Recoñecer ó funcionario de carreira deste Concello D. Pablo Antonio Álvarez Martínez, Administrativo de Administración Xeral, os servicios prestados ó Concello e a ADILOM, con carácter laboral, polo total de oito anos, nove meses e vinte catro días.

2.- Os efectos económicos resultantes deste recoñecemento aplicaranse a partir do día 1º de maio do 2007, polo que os servicios deste funcionario, a efectos de antigüidade e trienios ata o día da data serán de oito anos, dez meses e vinte e un días, tendo en conta que os servicios agora recoñecidos deberán ser incrementados polos prestados con carácter de propiedade o que fai o tempo antes indicado, téndose que proceder a incluír na nómina deste funcionario do mes de maio o importe resultante de dous trienios do Grupo C no que está integrado, e a partir da nómina do mes de xuño próximo deberánse acreditar tres trienios.

Sometida a votación esta proposta de acordo, resulta votada favorablemente pola totalidade dos Srs.. Concelleiros presentes nesta Sesión, ou sexa 11 aínda que o Sr. Veloso matiza que o seu voto favorable resulta sempre condicionado a que do exame do expediente quede claro que se respeta a legalidade vixente.



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

2.- ESTABLECEMENTO DO REXISTRO DE PARELLAS DE FEITO E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE REGULAMENTO.

De orde do Sr. Alcalde, o Sr. Secretario procede a dar lectura da seguinte:

“PROPUESTA DE ACUERDO

El Sr. Alcalde expone que de todos es conocido el debate social y político referente a la situación de las parejas que sin contraer matrimonio conviven de forma permanente, y teniendo en cuenta que estas personas deben de tener garantizado su derecho a la no discriminación social en base a los derechos que a todas las personas se le reconocen por el art. 14 de nuestra Constitución; por otro lado, el libre desarrollo de la personalidad y de la igualdad ante la Ley, que constituyen principios fundamentales del ordenamiento jurídico y social, demandan de todos los poderes públicos la promoción de estas condiciones para que esa libertad e igualdad de los ciudadanos y de los grupos en que se integran sean reales y efectivas, debiendo de eliminarse los obstáculos que impidan o dificulten su plenitud.

A su vez, en cuanto a las parejas de hecho, el Parlamento Europeo recomendó el fin de las discriminaciones por motivo de la orientación sexual y la equiparación de derechos de las parejas homosexuales y lesbianas al matrimonio. También las parejas de hecho entendidas como uniones heterosexuales u homosexuales deben de recibir protección, puesto que hoy las formas de convivencia se expresan de manera plural y existen muchas parejas que optan o se ven obligadas a establecer su comunidad de vida al margen del matrimonio para el apoyo mutuo, debiendo de gozar de la misma protección social, económica y jurídica que las uniones matrimoniales a fin de tener garantizado el respeto y la promoción de los principios fundamentales del libre desarrollo de la personalidad y de la igualdad de todos los ciudadanos.

Son estas uniones, que se pueden denominar libres o uniones no matrimoniales, las que pueden ser objeto de atención desde el ámbito municipal por cuanto puede resultar necesario a sus miembros acreditar convivencia a efectos de obtener beneficios presentes o futuros en los campos fiscal, social, administrativo, educativo, hereditario, etc.

En base a lo expuesto, y con la finalidad de que pueda quedar constancia en el ámbito de la Administración municipal, tanto a efectos de inscripción en el Padrón Municipal de Habitantes como en el resto de los servicios a cargo del Ayuntamiento, sin perjuicio de otras finalidades que puedan considerarse legítimas y sin que en ningún caso éstas puedan representar alteración o intromisión en las



CONCELLO DE LOBIOS

competencias que puedan corresponder a otros Organismos, como es el reconocimiento de otras formas de prueba de convivencia, es por lo que propongo a la Corporación :

- 1. Crear en el Ayuntamiento un Registro Municipal de Uniones no Matrimoniales que tendrá carácter administrativo.*
- 2. Aprobar el Reglamento elaborado para regular la creación, organización y funcionamiento del Registro de Uniones no Matrimoniales, con arreglo al proyecto elaborado que consta en el expediente, y cuyo texto íntegro es el siguiente:*

“Normativa de su organización y funcionamiento”.

I.- Concepto y carácter del registro.

Artículo 1.

El Registro Municipal de Uniones de parejas de hecho del Ayuntamiento de Lobios tiene carácter administrativo y se registrá por las presentes normas reguladoras y demás disposiciones que puedan dictarse en su desarrollo.

En dicho registro podrán inscribirse las uniones no matrimoniales de convivencia en la forma y con los requisitos que se establecen en las presentes normas reguladoras.

II.- Ciudadanos que pueden acceder al registro.

Artículo 2.

1. Se considera unión no matrimonial la unión voluntaria, duradera, estable y pública que constituya una relación de afectividad análoga a la conyugal, con independencia de su orientación sexual, entre dos personas mayores de edad o menores emancipadas sin vínculo de parentesco por consanguinidad o adopción, en línea recta o colateral hasta el segundo grado, siempre que ninguna de ellas esté unida por un vínculo matrimonial o forme pareja estable con otra persona.

2. Podrán instar su inscripción en el registro todas aquellas parejas que constituyan una unión de convivencia no matrimonial, conforme con lo establecido en el inciso 1º de este artículo, siempre que, por lo menos uno de sus miembros de la unión esté empadronado en el Ayuntamiento de Lobios.

Así mismo, ambos miembros deberán presentar declaración jurada de no estar casados ni inscritos en otro registro de parejas de hecho.



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

Artículo 3.

Serán objeto da inscrición:

- a) *La declaración de constitución y extinción de las citadas uniones civiles, así como las modificaciones e incidencias relativas a ellas, siempre que no sean susceptibles de inscripción en registro público.*
- b) *Los convenios reguladores de las relaciones entre os sus miembros y las declaraciones que afecten de forma relevante a la unión no matrimonial, siempre que no sean susceptibles de inscripción o anotación en otro instrumento o registro público y no sean contrarias al ordenamiento jurídico.*

III.- Efectos de la inscripción

Artigo 4.

En el Ayuntamiento de Lobios todas las uniones no matrimoniales de convivencia, sean o non do mismo sexo a las personas que la forman, inscritas en el Registro Municipal de Uniones de Parejas de Hecho, tendrán los mismos derechos y obligaciones, de carácter administrativo, que dicho Ayuntamiento tenga reconocidos o reconozca para las uniones matrimoniales. en las cuestiones de su competencia.

IV.- Comparecencia y circunstancias que se considerarán para la inscripción.

Artículo 5.

Inscripciones de Parejas de Hecho

La inscripción de una Pareja de Hecho, que es voluntaria, requerirá la previa aportación de la documentación necesaria para acreditar el cumplimiento de las condiciones establecidas. conforme con el modelo de solicitud que se acompaña como anexo 1º.

Las inscripciones se realizarán. tras la solicitud conjunta de los miembros de la unión y tramitación del oportuno expediente administrativo, mediante comparecencia personal y conjunta de las personas ante el funcionario encargado del registro, para declarar la existencia entre ellas de una unión de convivencia no matrimonial. así como de los convenios reguladores de las



CONCELLO DE LOBIOS

relaciones personales y patrimoniales entre los miembros de la unión, acompañada de la documentación acreditativa de los siguientes requisitos:

- 1. Ser mayores de edad o menores emancipados.*
- 2. No tener relación de parentesco por consanguinidad o adopción en línea recta o colateral en segundo grado.*
- 3. No estar incapacitados.*
- 4. No estar sujetos a vínculo matrimonial ni escritos en otro registro de parejas de hecho.*
- 5. Tener la condición de residentes en el Ayuntamiento de Lobios cuando menos uno de los miembros de la pareja.*
- 6. En el acto de inscripción deberán estar presentes dos testigos que den fe de la existencia de la unión de hecho, y a falta de otra documentación, de la convivencia da pareja durante, al menos, de seis meses anteriores.*

Artículo 6.

No procederá la inscripción de la unión de convivencia no matrimonial en los siguientes supuestos:

- a) Si alguno de los comparecientes fuera menor de edad no emancipado.*
- b) Si los comparecientes fueran entre sí parientes por consanguinidad o adopción en línea recta o por consanguinidad en segundo grado colateral.*
- c) Si alguno de los comparecientes fuera declarado incapaz.*
- d) Si alguno de los comparecientes estuviera afectado por deficiencias o anomalías psíquicas fácilmente apreciables por el responsable del registro podrá en este caso aportar dictámenes médicos sobre su aptitud para consentir en la constitución de una unión de convivencia no matrimonial.*

Artículo 7.

En el primer asiento de inscripción de cada pareja podrán hacerse constar cuantos hechos y circunstancias relativos a su unión manifiesten los comparecientes.

También podrán inscribirse mediante transcripción literal los contratos y convenios reguladores de las relaciones personales y patrimoniales entre los miembros de la unión.

Los contenidos indicados en el párrafo anterior podrán ser objeto de inscripción en posteriores comparecencias conjuntas de la pareja.



CONCELLO DE LOBIOS

V.- Terminación o extinción de la unión.

Artículo 8.

Las anotaciones que se refieran a la terminación o extinción de la unión podrán efectuarse a instancia de uno solo de los miembros de ésta.

VI.- Responsabilidad del registro

Artículo 9.

El registro estará a cargo de la Secretaría General de la Corporación.

VII.- Materialización del registro: libro general y libro auxiliar.

Artículo 10.

El registro se materializará en un libro general en el que se practicarán las inscripciones a que se refieren los artículos precedentes.

Dicho libro se materializará en soporte informático con independencia de su plasmación en hojas móviles, foliadas y selladas, y se encabezará y terminará con las correspondientes diligencias de apertura y cierre.

Artículo 11.

La primera inscripción de cada pareja tendrá el carácter de inscripción básica y al margen de ella se anotará todo asiento que se produzca con posterioridad en el libro general principal relativo a esa unión.

Artículo 12.

El registro tendrá también un libro auxiliar ordenado por apellidos de los inscritos en el que se expresará el número de las páginas del libro general en las que existan anotaciones que les afecten.

VIII. Expedición de certificaciones y protección de la intimidad.

Artículo 13.

Con el fin de garantizar la intimidad personal y familiar de los inscritos en el registro no se dará publicidad al contenido de los asientos salvo las certificaciones



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

que expida el encargado del registro a instancia exclusivamente de cualquiera de los miembros de la unión interesada o de los jueces y tribunales de justicia.

Artículo 14.

Tanto las inscripciones que se practiquen como las certificaciones que se expidan serán totalmente gratuitas.

Anexo I

Datos personales:

D./D. a:

DNI/ pasaporte:

D./D. a:

DNI/ pasaporte:

Exponen:

Que tienen constituida una pareja de hecho.

Que declaran bajo juramento que constituyen una pareja estable, conviviendo más de seis meses y que son ciertos los datos que se aportan y que reúnen los requisitos establecidos por las normas reguladoras de funcionamiento del Registro Municipal de Parejas de Hecho del Ayuntamiento de Lobios aprobadas para proceder a la inscripción de esta unión y que se detallan a continuación:

- A. Ser mayores de edad o menores emancipados.*
- B. No tener relación de parentesco por consanguinidad o adopción en línea recta o colateral en segundo grado.*
- C. No estar incapacitados.*
- D. No estar sujetos a vínculo matrimonial ni escritos en otro registro de parejas de hecho.*
- E. Tener la condición de residentes en el Ayuntamiento de Lobios cuando menos uno de los miembros de la pareja.*

Solicitan:

Que se proceda a la inscripción de su unión en el Registro de Parejas de Hecho del Ayuntamiento de Lobios, para lo que acompañan la siguiente documentación:



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

- *Copia de los DNI o pasaportes.*
- *Acreditación de la emancipación (en el caso de que sea necesario).*
- *Certificación y, en su caso, prueba de la disolución de anteriores vínculos.*
- *Certificado de empadronamiento de por lo menos uno de los miembros de la unión en el Ayuntamiento de Lobios.*
- *Declaración jurada de no tener una relación de parentesco por consanguinidad o adopción en línea recta directa o colateral en tercer grado.*
- *Declaración jurada de no constar inscrito en otro registro municipal de características similares.*
- *Declaración de dos testigos acreditativa de la existencia de la relación.*
- *Certificado de convivencia según padrón en el que se acredite que llevan conviviendo en el Ayuntamiento de Lobios por lo menos seis meses antes de inscripción.*
- *Convenio regulador, si lo hubiese.*

NOMBRE Y DNI del primer testigo.

NOMBRE Y DNI del segundo testigo.

(Fecha y firma)

Sr. Alcalde del Ayuntamiento de Lobios.

D./D. a:

DNI/pasaporte:

D./D. a:

DNI/pasaporte:

Declaramos bajo juramento no estar inscritos en ningún otro registro municipal de parejas de hecho.

(Fechas y firmas)

Documentos para acompañar a la solicitud de extinción de la unión no matrimonial.

1.- Declaración conjunta de ambos o de uno de los declarantes en la que consten expresa e claramente la voluntad de extinguir la unión no matrimonial.

Las personas y las entidades interesadas podrán interponer contra este acuerdo, en el plazo de dos meses contados desde que se publique el reglamento en el



CONCELLO DE LOBIOS

BOP. recurso contencioso administrativo ante la sala correspondiente del Tribunal Superior de Justicia de Galicia.

Todo esto es sin perjuicio de cualquier otro recurso o acción que entienda procedente.”

Logo desta lectura toma a palabra o Sr. Fernández Simo para manifestar que o texto ó que se deu lectura está en castelán polo que solicita a súa traducción ó galego, manifestando o Sr. Alcalde que así se procederá. Continúa o Sr. Fernández Simo para anunciar o seu voto favorable a esta proposta dado que evidentemente recoñecese un dereito, que supón a eliminación da discriminación actual existente nesta materia, e a proposta de acordo atende a unha clara demanda social.

O Sr. Veloso, en representación do Grupo Municipal do PSOE, antes de iniciar a súa intervención sobre o fondo do tema indica que por ética profesional non lle parece ético que quen está a presidir un Pleno este a mascar chicle. Polo que se refire ó fondo do tema manifesta que o que se contén na proposta de acordo procede dun logro acadado polo PSOE, dado que estábanse xerando problemas relativos a materias como as pensións, problemas sociais e fiscais, etc., xa que a situación anterior era inxusta; trátase dunha necesidade dada a situación actual da sociedade. Todas estas consideracións leva á conclusión de que o seu Grupo queda obrigado a votar a favor desta proposta. De tódolos xeitos solicita que se faga entrega dunha copia do regulamento incluído na proposta de acordo, accedendo a elo o Sr. Alcalde, polo que por parte do Sr. Secretario fáiselle entrega dunha copia deste regulamento.

Logo destas intervencións o Sr. Alcalde somete a votación o acordo incluído na súa anterior proposta, que resulta aprobado por unanimidade dos 11 Srs. Concelleiros presentes nesta Sesión, polo que declara que o Concello de Lobios por unanimidade acordou:

1. Crear no Concello de Lobios un Rexistro Municipal de Unións Non Matrimoniais que terá carácter administrativo.
2. Aprobar o –regulamento elaborado, antes transcrito integramente, para regular a creación, organización e funcionamento do Rexistro de Unións Non Matrimoniais, conforme ó proxecto elaborado xa transcrito na parte expositiva deste acordo.



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

3.- ORZAMENTO DO ANO 2007 E BASES DE EXECUCIÓN.

Procede o Sr. Alcalde a dar conta da documentación que integra o Proxecto de Orzamento Municipal para o ano 2007 consistente en:

- ✍ Estado de Ingresos.
- ✍ Estado de Gastos.
- ✍ Bases de Execución.
- ✍ Informe Económico - Financeiro.
- ✍ Memoria da Alcaldía de presentación e xustificación do Proxecto.
- ✍ Dictame da Comisión Informativa de Facenda e Contas.
- ✍ Cadro de Persoal e réxime retributivo.

Logo desta exposición, o Sr. Alcalde dispón que se faga entrega de toda a documentación ós Srs. Voceiros. Neste intre o Sr. Veloso indica que poderíase solicitar a anulación deste punto da orde do día tendo e conta que o dictame da Comisión Informativa non foi elaborado dentro de prazo.

O Sr. Fernández Simo indica que ó seu xuízo os investimentos reais para o ano 2007 quedan cifrados na cantidade de 287.000,00 €, o que supón, conforme á Memoria do Sr. Alcalde, o 18 % do orzamento, o que quer dicir que os investimentos descenden 10 puntos con respecto ó ano anterior. Ó propio tempo indica que non se cumpre o papel fundamental dun Concello, que non é a súa propia supervivencia, senón a dinamización do mesmo. Na Memoria do Sr. Alcalde faise referencia ós ingresos por habitante e a presión fiscal que debe soportar cada veciño, o que demostra que existe unha falla na organización da estrutura económica do Concello, pois se fixo unha brusca actualización dos recursos no ano anterior, continuando a gran dependencia do Concello, no seu desenvolvemento económico, de outras Institucións, facendo mención a que esta dependencia non resulta exclusiva coa Deputación.

Continúa o Sr. Deibe preguntando a que obedece unha consignación de 30.000,00 € no concepto de gastos de recadación, explicándose por parte do Sr. Alcalde que nesta consignación quedan incluídos tanto o premio de cobranza do axente recadador (o 5% da recadación), como a concertación dun novo servizo relativo a cambios de titularidade de fincas urbanas e rústicas, identificación e localización de posibles erros no Catastro e solución de calquera tipo de problemas que poidan derivarse de datos do Catastro que non se correspondan coa realidade.

Continúa o Sr. Deibe preguntando por qué aparecen reflexados no Estado de Gastos intereses por tres conceptos e amortizacións por un único concepto, explicándoselle que un dos contratos de préstamo, concretamente o subscrito no



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

ano 2005, está en período de carencia, por ser esta de dous anos e os intereses hai que aboalos anualmente.

O mesmo interpelante indica que discrepa das cantidades que constan en concepto de asignacións ó Sr. Alcalde, e que a fórmula de indemnización debería de ser a declaración de dedicación parcial ó cargo; tamén parecen excesivas as cantidades destinadas en concepto de dietas que podería incrementar os investimentos do Concello. Polo que se refire á Educadora Familiar, pregunta cales son os programas que se levan a cabo polo Concello, solicitando o acceso a esta información, tendo en conta que non se están realizando as funcións propias deste posto de traballo. Polo que se refire ós incentivos de produtividade e gratificacións para o persoal previstos no Orzamento, quere saber que criterios vanse seguir para a súa distribución, respondendo o Sr. Alcalde que a tódolos funcionarios que así o merezan, conforme ó traballo desenvolvido por cada un deles.

Prosegue o Sr. Fernández Simo para indicar que no apartado de subvencións constan 26.000,00 € en tanto que para actividades de tipo cultural, deportivo e de ocio, consígnanse 80.000,00 €, propoñendo que se incremente a consignación de subvencións, reducindo a de actividades do Concello, tendo en conta que algunhas das subvencións como a do equipo de fútbol están moi limitadas; responde o Sr. Alcalde que esta modificación pódese efectuar ó longo do exercicio, en caso necesario, mediante a tramitación do correspondente expediente de modificación de créditos a través de transferencias.

Por último o Sr. Fernández Simo fai mención a que a capacidade de actividade do Concello practicamente queda en mans de outras Institucións a través de subvencións ou aportacións, polo que insta á Alcaldía a manter unhas boas relacións non somentes coa Deputación senón tamén coa Xunta de Galicia, concluíndo que trátase dun Orzamento inmovilista con unha pequena cantidade para investimentos, anunciando o seu voto en contra ó Orzamento.

Seguidamente toma a palabra o Sr. Veloso en representación do PSOE para dicir que os Orzamentos preséntanse no mes de abril cando deberíanse aprobar antes da finalización do exercicio anterior e para a súa correcta tramitación debería contarse cun Secretario de carreira, e tendo en conta que nos vindeiros días tomará posesión a nova Secretaria do Concello, considera que presentar nun Pleno a poucos días desta toma de posesión é unha falta de ética e respecto ós veciños sen contar coa presenza da nova Secretaria – Interventora.

Refírese tamén o Sr. Veloso a que a documentación da que se lle fixo entrega debería de estar en posesión de tódolos Srs. Concelleiros antes da votación para a aprobación do Orzamento, e ó non terse feito así é unha proba clara da falta de respecto ós Concelleiros dos Grupos da Oposición, insistindo tamén no xa antes manifestado de que a Comisión Informativa de Facenda e Contas non se realizou



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

coa antelación debida polo que a aprobación do Orzamento pode resultar nula. O seu Grupo adhírese ó manifestado anteriormente polo Sr. Fernández Simo, engadindo que aproximadamente nos catro anos de mandato da actual Corporación, o Concello dispuxo de algo mais de 2.500 millóns das antigas pesetas que foron utilizadas sen ser aprobadas as contas de cada ano, aprobándose as mesmas nun período de seis meses, sen contar para elo cun Secretario – Interventor de carreira, situación que pon en entredito ós responsables do Concello, cando resulta practicamente imposibles investigar as facturas emitidas durante os últimos cinco anos; engadindo que esta crítica faina porque así o esixen os veciños de Lobios, percibindo as indemnizacións por asistencia a este Pleno cos cartos dos propios veciños, rematando a súa intervención dicindo que o Concello está en bancarrota, destinando os cartos dispoñibles a intereses particulares e non de interese xeral, e logo da análise do Orzamento feita polo Sr. Fernández Simo, conclúe que o Concello de Lobios incorre nos mesmos erros que o Concello de Vicedo en Lugo, onde o Sr. Alcalde foi condenado por percibir excesivas cantidades en concepto de dietas por desprazamentos.

Remata a súa intervención dicindo que espera que estes Orzamentos pasen a mans de outro Alcalde e que teña as contas ó día para resultar aprobadas ó final de cada ano, téndose que deixar unha partida expresa para a piscina termal de uso público; outra partida para a instalación dun cámping e unha residencia da terceira idade así como para un barco turístico e a mellora do vehículo contra incendios, o servizo de ambulancia e o acondicionamento do clínico para gardas médicas permanentes. Por último manifesta que o propio Alcalde antes de rematar o seu mandato debería deixar unha partida para a realización dunha auditoría da súa xestión pois non resulta ético prometer como fixo ó comezo do seu primeiro mandato e que logo nunca se levou a cabo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para responder ás anteriores intervencións dicindo que o Sr. Veloso ven co mesmo “cuento” de sempre e polo que respecta ás relacións institucionais seguen sendo extraordinarias e que dentro de pouco tempo terán constancia sobre a residencia de anciáns, discrepando co Sr. Deibe sobre investimentos, facendo unha diferenciación ente gastos de funcionamento e de investimento.

En rolda de réplica o Sr. Veloso di que é un honor dispor por primeira vez dun turno de réplica de cinco minutos, tal como lle ofreceu o Sr. Alcalde, insistindo nos puntos anteriormente expostos.

Unha vez rematado o debate exposto, o Sr. Alcalde somete a votación a aprobación do Orzamento formado para o ano 2007, as súas Bases de Execución, Cadro de persoal e Réxime retributivo conforme á proposta, votando a favor os seis Srs.. Concelleiros do Grupo Municipal do PP e en contra os cinco Srs.. Concelleiros dos Grupos da Oposición, polo que o Sr. Alcalde declara que o



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Pleno do Concello, co quórum de votación indicado, aprobou o acordo que resulta ser do teor literal seguinte:

*“Visto o Proxecto de Orzamento para o ano 2007 formado pola Presidencia,
e*

RESULTANDO que de conformidade co establecido nos artigos 41.16 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (en adiante R.O.F.), 168 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de Marzo e 18 do Real Decreto 500/90, de 20 de Abril, o Sr. Alcalde elaborou o Proxecto de Orzamento deste Concello para o ano 2007.

RESULTANDO que obran no expediente cantos documentos e informes son esixidos polos artigos 165 e 168 do Texto Refundido antes citado e 8 do Real Decreto 500/90.

RESULTANDO que o expediente orzamentario formado polo Sr. Alcalde cumpre o requisito de nivelación esixido polo artigo 165.4 do dito Texto Refundido.

RESULTANDO que a Comisión Informativa Especial de Facenda e Contas emitiu dictame favorable á aprobación do indicado proxecto de Orzamento para o 2007.

CONSIDERANDO que conforme establecen os artigos 22.2e) da Lei 7/85, de 2 de abril, 168.4 do Texto Refundido da Lei de Fs. Ls. e 50.11 do R.O.F., corresponde ó Concello Pleno a aprobación, por maioría simple, do expediente do Orzamento Municipal.

En virtude de todo o anterior, o Pleno acorda:

1º.- Aprobado o expediente do Orzamento Municipal para o ano 2007, que consta dos seguintes documentos:

- a) Estado de Gastos.*
- b) Estado de Ingresos.*
- c) Memoria de Presidencia.*
- d) Plantel de Persoal e réxime retributivo.*
- e) Bases de execución do Orzamento e anexos.*
- f) Anexo de inversións.*
- g) Informe Económico - Financeiro.*

Os resúmenes por Capítulos dos Estados de Ingresos e de Gastos, son os seguintes:



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Capítulo	Ingresos	Gastos
1º	208.940,25 €	663.576,47 €
2º	36.000,00 €	448.164,12 €
3º	110.887,34 €	13.472,96 €
4º	851.140,82 €	111.284,00 €
5º	800,00 €	--
6º	----	287.467,01 €
7º	328.081,59 €	---
9º	-----	11.885,44 €
TOTALES	1.535.850,00 €	1.535.850,00 €

2º Aprobar as Bases de Execución do Orzamento 2007 na forma en que foron redactadas tal como constan no expediente.

3º Aproba-lo plantel, tanto de funcionarios de carreira como de persoal laboral, conforme ós anexos que se xuntan ó expediente e o réxime retributivo de dito persoal tal como consta seu cálculo e distribución nos correspondentes anexos, fixándose a masa salarial para o presente exercicio na cantidade de 115.673,21 €, e desta cantidade, unha vez feitas as deducións determinadas polo artigo 7º do Real Decreto 861/86, destinase o 75% (34.355,06 €) a complementos específicos, o 20% (9.161,35 €) a complementos de produtividade e o 5% (2.290,34 €) a gratificacións, asignándose a cada posto de traballo as cantidades que constan no anexo correspondente.

4º Expoñer ó público o Orzamento aprobado e seu expediente, así como as Bases de Execución, plantel e réxime retributivo, polo prazo de 15 días hábiles mediante anuncios que serán insertados no BOP e expostos no taboleiro de anuncios da Consistorial, ós efectos de que durante este prazo poida ser examinado por calquera interesado lexítimo, admitíndose durante o mesmo as reclamacións ou alegacións que poidan presentarse.

5º Estes acordos e o propio Orzamento consideraranse elevados a definitivos no caso de que durante o prazo de presentación de reclamacións non se presenten, procedéndose seguidamente a publicar no BOP o resume do Orzamento e plantel”.

4.- INFORMES DA ALCALDÍA.

O sr. Alcalde informa á Corporación do escrito de remitido con data do pasado 16 de marzo ó Sr. Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria propoñendo que o transporte escolar pode ser compartido con outros veciños que teñen necesidade de trasladarse ata a capitalidade do municipio, recibíndose resposta o



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

día 28 seguinte no que manifesta que se terá en conta a petición formulada para o vindeiro curso 2007 / 2008 logo de comprobar que de xeito experimental o que se está a facer en 34 rutas de 12 Concellos galegos.

Polo que respecta ó acordo acadado o 23 de febreiro pasado aprobando unha moción prantexada polo sr. Concelleiro D Jesús Deibe Fernández Simo relativa ós veciños de Aceredo novo coa finalidade de legalizar as súas vivendas, remitiuse ó Sr. Delegado Provincial da Consellería de Política Territorial Obras Públicas e transportes a emisión dun informe xurídico sobre a posibilidade de modificación parcial do PXOM de Lobios, sen que ata a data se teña resposta ó solicitado.

Por último informa que está iniciado o expediente de expropiación da Casa da Escúsalla, téndose procedido á publicación dun bando e anuncios nos diarios oficiais, incluíndo o BOE e que no seu momento será informada a Corporación da tramitación deste expediente

Seguidamente, non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a Sesión sendo as 22 horas e 40 minutos, de todo o que eu, o Secretario accidental, certifico.